

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CEIP VICENTE RISCO

(CUALEDRO)



CURSO 2020/21



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.	3
2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	4
3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	4
4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO.....	6
5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.....	7



1. INTRODUCCIÓN.

Segundo se recolle nas *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, o equipo directivo elaborará un Programa de Acollida “co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020”.*

Este programa será presentado ao Consello Escolar e desenvolverase durante alo menos as dúas primeiras semanas de curso.

Para a elaboración deste programa tivemos en conta o **“Plan de adaptación á situación Covid para o curso 2020/21”** do noso centro, o cal elaboramos en función do recollido na *resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.*

Os aspectos que abarca este documento son: as novas *normas de organización e funcionamento do centro, as actuacións de hixiene e prevención, as accións formativas que se iniciarán para mellorar a competencia dixital do alumnado e a atención aos aspectos emocionais e sociais.*

As accións que se propoñen no presente programa están pensadas para iniciarse durante as dúas primeiras semanas de curso, pero coa intención de que se manteñan o tempo que sexa necesario para axudar ao alumnado a acadar unha adaptación adecuada aos cambios aos que esta situación de pandemia global nos obriga.



2. A. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Durante o presente curso 2020/21 estarán vixentes as NOFC (Normas de Organización e Funcionamento do Centro) que se poderán consultar na [páxina web do centro](#). Dada a actual situación que se vive é preciso realizar modificacións a dito documento para adaptarnos á realidade existente.

Estes cambios están descritos de xeito máis específico no **“Plan de adaptación á situación Covid para o curso 2020/21”** do noso centro, que tamén será accesible desde a web.

Durante os primeiros días de curso o centro fará chegar ás familias a información máis relevante das NOFC, do protocolo de adaptación á situación Covid, ...

3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

As actuacións de prevención, hixiene e protección desenvolvidas no centro están organizadas segundo o disposto no **“Plan de Adaptación á situación Covid 19 para o curso 2020/21”**. Para as dúas primeiras semanas de clase terán especial relevancia as seguintes:

- O centro contará con cartelería nas entradas, corredores, aseos e aulas para recordar as normas básicas de prevención, hixiene e protección relativas ao uso da máscara protectora, lavado de mans e distancia social.
- O profesorado que estea encargado da garda de transporte no momento da entrada ao centro tomará a temperatura dos nenos/as, controlará a rutina de hixiene de mans e recordará a importancia de manter a distancia durante os desprazamentos.
- Durante as primeiras dúas semanas o profesorado que estea co grupo á hora da saída ao recreo manterá a rutina de hixiene de mans e recordará a importancia de manter a distancia durante os desprazamentos. Ademais acompañará ao alumnado ata a zona do



patio asignada para asegurarse de que o alumnado coñece os itinerarios marcados e as zonas asignadas.

- O profesorado titor organizará na aula co alumnado os momentos para a hixiene de mans: ao entrar e saír da aula, para ir ao baño, ao recreo e ao comedor ou casa.

- O profesorado titor establecerá unha rutina na aula para lembrar as normas da clase, nos desprazamentos, no recreo e o uso do aseo. Realizaranse exposicións de xeito oral, durante a primeira sesión matinal, das principais medidas de prevención, hixiene e protección ante a COVID-19 dentro e fóra do centro educativo:

- ♣ Pautas explicativas para unha correcta hixiene de mans.

- ♣ Uso da máscara: forma correcta de poñela e sacala e momentos nos que deben levala.

- ♣ Pautas explicativas para o mantemento da distancia social.

Co paso dos días poden ser os propios alumnos os que expliquen as normas ao resto da aula.

As exposicións estarán adaptadas á idade do alumnado.

- Para explicar os aspectos máis importantes sobre a COVID 19 o profesorado fará uso de diferentes recursos, sempre adaptados á idade do alumnado.

- ♣ Realizar debates, charlas...nas que o alumnado poida explicar cales son os coñecementos previos que teñen sobre o coronavirus.

- ♣ Realización de presentacións por parte do profesorado, en distintos formatos dixitais que expliquen as principais medidas de prevención, hixiene e protección ante a COVID-19.

- ♣ Lectura de contos sobre a prevención, hixiene e protección ante a COVID- 19.

- ♣ Visionado de vídeos curtos.



- ♣ Aprender cancións curtas sobre o lavado das mans.
- ♣ Realizar experimentos para observar como o xabón repele aos virus.
- ♣ Realizar xogos “online” sobre a temática da COVID-19.
- ♣ Creación dun mural “COVID-19” na aula onde se recollan as principais normas de prevención, hixiene e protección: a idea é que o alumnado o forme a base de creacións plásticas propias.

4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO.

Dende o inicio do curso o profesorado iniciará as seguintes accións para que o alumnado e as familias vaian tomando contacto coa aula virtual. Entendemos que estas accións terán continuidade no tempo, xa que dúas semanas non son suficientes para dominar o uso desta ferramenta dixital.

- Fomentarase a participación do profesorado nun proxecto de formación en centros para impulsar o uso da aula virtual.
- Durante o mes de setembro crearanse os cursos e os usuarios das aulas virtuais.
- Terase en conta ao alumnado que teña dificultades para acceder á aula virtual para ofrecer alternativas accesibles.
- Realizaranse titoriais en formato dixital e/ou impreso para facilitar ao alumnado e ás familias os coñecementos básicos necesarios para acceder á virtual.
- Nos casos do alumnado de cursos inferiores ou con necesidades específicas de apoio educativo que lles incapaciten a autonomía á hora de acceder á aula virtual, facilitaranse titoriais ás familias para que poidan acceder aos contidos da mesma e aprendan a enviar tarefas se é o caso.
- O profesorado titor formará ao alumnado en aspectos como son:



- ♣ Consulta da páxina web do centro educativo e de distintas páxinas web que garantan a seguridade durante a navegación.
- ♣ Manexo da aula virtual: O alumnado ten que ser capaz de entrar na aula virtual usando o seu usuario e contrasinal tralo seu rexistro. Do mesmo xeito deberá poder acceder ao contido colgado polo profesorado e achegar arquivos se fose necesario.
- ♣ Uso básico dun procesador de texto do que dispoñan as familias.
- ♣ Acceso á plataforma Cisco Webex para poder asistir a unha videoconferencia, de ser o caso.
- ♣ Pescuda de contidos relacionados coas tarefas que se lle pidan na rede a través de buscadores cun entorno seguro.
- ♣ Acceso a unha conta de correo electrónico: Os alumnos/as teñen que ser capaces de entrar e saír dunha conta de correo e enviar mensaxes con arquivos adxuntos. A conta estará a nome dos pais/nais/titores/as legais.

5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN. _____

Durante as primeiras semanas é importante atender aos aspectos emocionais, polo que o profesorado procurará ofrecer actividades e dinámicas que favorezan un reencontro tranquilo e organizado.

Nas aulas desenvolveranse accións encamiñadas a axudar a crear un ambiente de benvida cálido e acolledor, onde caiban as alegrías e os medos que seguro traerán de casa os nenos e nenas.

Para axudar ao noso alumnado a adaptarse á nova normalidade do centro, o profesorado propondrá accións coma as seguintes:



- ❖ Atendendo aos aspectos emocionais, conversarase nas aulas sobre como afecta esta situación á nosa vida diaria na casa e na escola, buscando aportar ideas para melloralas cumprindo as normas.
- ❖ Realizar dinámicas de comunicación onde cada nena e neno teña a oportunidade de expresarse e ser escoitado. A dinámica pode partir dunha pregunta (sobre os seus gustos, intereses, medos...) que todos teñan que contestar amosando escoita e respecto polas respostas dos demais.
- ❖ Acompañar ao alumnado nas primeiras semanas ao patio, para que coñezan o espazo que teñen asignado e aumente a súa seguridade e confianza nos desprazamentos e durante o tempo de recreo.
- ❖ Facer ao alumnado participe e responsable na medida do posible das actuacións de prevención, con actuacións como:
 - Que sexa o alumnado quen expoña as normas de emprego das máscaras e de hixiene de mans.
 - Organizar as saídas da aula facendo partícipe ao alumnado dos criterios, que poden ser cambiantes diariamente ou semanalmente para manter a motivación e o interese: orde de lista, filas, orde alfabético de nomes, data de nacemento ascendente ou descendente... etc.

O presente documento entrará en vigor unha vez presentado ao Consello Escolar do centro. Será revisable para adaptalo ás necesidades que puidesen xurdir unha vez iniciado o curso escolar.